

MEMORIA DE ACTIVIDADES

I. INTRODUCCIÓN. *Elas tamén Pintan*: Programa feminista de cultura urbana

Entre o 28 de setembro e o 16 de outubro diferentes localizacións da cidade de Compostela acolleron unha nova edición de *Elas tamén Pintan*, un programa artístico-educativo feminista subvencionado polo Concello de Santiago a través da “Convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2021” e impulsado por 7H Cooperativa Cultural co propósito de concienciar sobre as desigualdades de xénero no eido da arte urbana.

A partir do pouso das aprendizaxes adquiridas e a experiencia acumulada nas anteriores edicións, realizadas en 2017 e 2019, a celebrada este 2021 desenvolveu un conxunto de accións formativas e creativas que reforzaron e enriqueceron a concepción orixinal. Mantendo o espírito de análise crítico e con perspectiva de xénero da realidade do sector, o programa procurou visibilizar e reivindicar a presenza das mulleres artistas a través da creación dun espazo de formación teórica e de experimentación práctica coas linguaxes e técnicas da disciplina, entendidas como ferramentas para transformar a cidade desde o diálogo, o recoñecemento e a visibilización da diversidade.

Nese camiño, o programa executouse incrementando o número de persoas involucradas e ampliando o perfil das mesmas, descentralizando as actividades cara novos e diversos espazos da cidade; e ensanchando a perspectiva feminista que vertebra os seus fins e dinámicas ao incorporar dun xeito máis explícito e consciente a mirada interseccional e, con ela, a presenza do colectivo LGTBIQ+.

II. OBXECTIVOS


En concreto, o programa formulouse cos seguintes fins:

- Revisar e reescribir a historia da arte urbana de xeito colectivo e con perspectiva de xénero, combatendo a violencia simbólica cara ás mulleres creadoras a través da divulgación das súas traxectorias.
- Apoderar ás persoas máis novas, especialmente mulleres, facilitándolles referentes e técnicas artísticas propias da cultura urbana.
- Transformar artisticamente e desde unha dimensión contextual e igualitaria, baseada na participación activa da cidadanía, as historias e experiencias da veciñanza dos barrios de Compostela.
- Rescatar e divulgar o acervo inmaterial da cidade, atendendo especialmente á visibilización da memoria viva do movemento feminista e LGTBIQ+.
- Promover procesos colectivos de recuperación e (re)construción identitaria e repensar colectivamente os espazos públicos, fomentando o diálogo interxeracional desde a creación artística contemporánea.
- Democratizar e deslocalizar a oferta cultural cara espazos tradicionalmente afastados das propostas máis rupturistas e/ou vangardistas.
- Achegar ferramentas a públicos tradicionalmente afastados da expresión artística, como persoas maiores e mulleres en situación ou en risco de exclusión social.

III. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA

Para acadar as mencionadas metas, o programa, de 30 horas de duración, desenvolveuse a través de tres módulos de actividades, nas que se combinaron a teoría e a práctica e os formatos presencial e virtual, e unha xornada lúdico-creativa no barrio de Conxo coa que se puxo o punto e final á terceira edición.


O primeiro bloque de contidos, **Coñecer**, concibiuse como un laboratorio de arte urbana de 15h de duración consistente na revisión colectiva da historia da disciplina con perspectiva de xénero a través de sesións baseadas na combinación da abordaxe teórica, mediante espazos de aprendizaxe e debate horizontais, coa experimentación en colectivo. A actividade, na que se cubriron ás 20 prazas ofertadas e na que participaron de forma regular, unha media de 15 persoas, desenvolveuse de forma presencial, tal e como estaba previsto, nun espazo municipal do barrio de Conxo. Concretamente, foi a Casa das Asociacións de Cornes a que acolleu a celebración das cinco sesións programadas os días 28 e 30 de setembro e 7, 13 e 14 de outubro. Nelas o alumnado tivo oportunidade de aproximarse ás orixes e diferentes etapas da arte urbana así como a algunhas das referentes no eido internacional, estatal e galego en cada unha das técnicas e formulacións que adopta esta versátil expresión creativa.



O segundo módulo temático, **Descubrir**, tivo como finalidade poñer en práctica os coñecementos adquiridos no laboratorio e trasladar os debates á rúa a través da súa (re)descuberta como plataforma de expresión e reivindicación política. Con esta vontade e co fin de introducirmos no contexto artístico local, rachando estereotipos desde a análise de expresións artísticas que habitan a cidade, desenvolvemos dous roteiros urbanos.

Malia que no momento de realizar a proposta prevíramos a realización destes en dúas datas distintas, finalmente realizamos as dúas rutas consecutivas nunha única xornada, celebrada o sábado 9 de outubro. Con inicio no Complexo Deportivo de Santa Isabel, o percorrido transcorreu, tal e como estaba previsto, polos barrios de Vista Alegre, San Roque e Almáciga, nunha primeira fase, e por Pontepedriña e Castiñeiriño, na segunda etapa.

En ambas os dous itinerarios, as participantes, entre as que se atopaban tanto alumnado do bloque “Coñecer” como varias persoas que se inscribiron a través da convocatoria pública que realizamos en redes sociais, puideron coñecer diferentes mostras de arte urbana existentes nas rúas compostelás: desde murais realizados con pintura plástica até graffitis, pezas realizadas con esténcil e adhesivos situados en diferentes elementos do mobiliario urbano.



O terceiro bloque, **Crear**, destinouse á creación e experimentación artística en colectivo a través de dous obradoiros deseñados co fin de dotar ás participantes de ferramentas e técnicas creativas para mudar o espazo público en clave feminista e desde unha perspectiva contextual.

Os talleres, nos que participaron 18 persoas de diferentes idades e perfís co nexos común de teren inquietudes artísticas e/ou interese en achegarse á cultura urbana desde unha perspectiva de xénero e contextual desdobláronse en dúas fases. A primeira parte, concibida en formato virtual, estivo centrada na investigación colectiva do contexto. Ademais das pescudas de campo, as participantes celebraron encontros virtuais con ARELAS (Asociación de Familias de Menores Trans*), Avante LGTBIQ+ Compostela e Tamborililás - Batukada Feminista, entidades representativas da diversidade do movemento feminista na cidade, co fin de coñecer, de primeira man, as reivindicacións de parte do colectivo LGTBIQ+ compostelá. Ademais, o alumnado tamén puido coñecer as reivindicacións dos colectivos Orgullo Tolo! e Resistencia en Terra Allea a través de espazos virtuais que permitiron incorporar unha mirada máis interseccional ás conversas e debates suscitados.




A partir destas conversas e dos debates suscitados, o alumnado trazou, de forma coordinada coa equipa de 7H, os bosquexos de dous murais. Deseñados de forma complementaria, as composicións buscaron establecer un diálogo a través de dúas pezas que realizaron nos obradoiros desenvolto de forma simultánea na segunda fase do módulo nunha xornada presencial celebrada o sábado 16 de outubro no barrio de Conxo.



Foi ese día, precisamente, cando celebramos o último bloque, **Compartir**. Concibido como unha xornada de peche, procurou visibilizar ao conxunto da cidadanía compostelá a identidade e patrimonio dos barrios de Conxo e Santa Marta que estableceu un diálogo creativo entre as súas habitantes e artistas feministas do eido da cultura urbana. Como encargadas de realizar as intervencións artísticas, o Elas tamén Pintan 2021 contou coa participación de Dúo Amazonas, colectivo conformado pola arxentina Natalia Andreoli e a colombiana Lina Castellanos, a compostelá Marina Álvarez Martínez de la Riva, coñecida artisticamente como Festa; a parella creativa Medianeras Murales, integrada polas rosarinas Analí Chanquia e Vanesa Galdeano; e a guardesa Tamara Baz.

Co fin de xerar un espazo para compartir vivencias, relatos e memorias representativas da idiosincrasia barrial, a comezos do mes de outubro celebramos unha xuntanza virtual entre as creadoras convidadas e diversas residentes e axentes sociais do barrio. Entre as participantes atopábanse representantes da A.C. Música e Baile Tradicional de Conxo, Asoc. Itinera, Asoc. de Amigos de Conxo, Orgullo Tolo, o responsable do CSC Aurelio Aguirre de Conxo e dous veciños a título particular, sendo un deles residente nun dos edificios que cedeu unha fachada para as intervencións murais. Ademais, trasladouse convite ás asociacións Conxo Aberto e Amigos do Camiño, que por motivos de axenda non puideron participar.



A partir da información recollida nesta reunión, as artistas traballaron no bosquejo de cadansúa obra, que executaron o sábado 16 de outubro nun **encuentro creativo público**, que se desenvolveu en paralelo aos obradoiros do alumnado do programa, en diferentes localizacións do barrio de Conxo. Os espazos intervídos foron cedidos de forma gratuíta por propietarias de baixos comerciais sen uso grazas á colaboración da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Profesionais Esperta Conxo, unha comunidade de veciñas dun edificio e o Concello de Santiago, que permitiu a intervención das escaleiras que conectan as rúas García Prieto e Manuel Beiras.

No relativo á temática, tal e como estaba previsto, as intervencións das artistas convidadas están fortemente arraigadas ao territorio e, por tanto, ao acervo material e inmaterial da contorna, convivindo a representación de episodios históricos con elementos propios da identidade máis contemporánea do barrio.

En concreto, o colectivo **Dúo Amazonas** realizou unha obra con pintura plástica na rúa Doutor Maceira nº22, baseada nunha imaxe tomada nos anos 70 pola fotógrafa catalá Anna Turbau no Hospital Psiquiátrico de Conxo co fin de visualizar os coidados de familias e persoal sanitario coas persoas psiquiatrizadas.



Pola súa banda, **Medianeras Murales** transformou unha fachada do edificio situado na rúa Manuel Beiras nº 7 cunha peza que xoga co visible e o oculto. A partir do seu particular estilo psicodélico e simbólico, as arxentinas optaron por centrar a atención visual das espectadoras nas posibles interpretacións sobre a nube de pensamentos incompletos da figura protagonista, aludindo así dun xeito metafórico ás narrativas vinculadas ao barrio en relación ao psiquiátrico.



Minia Regos, pola súa banda, creou unha peza na rúa Sánchez Freire, entre os portais 3 e 5, na que, a partir dun tríptico mural, reivindica e visibiliza a diversidade de identidades que conflúen na historia e no día a día do barrio mediante a representación de tres figuras femininas. Así, nos paneis esquerdo e dereito da obra a creadora compostelá plasmou, respectivamente, á lendaria personaxe de Rusuیدا e a unha participante no brinde do Banquete de Conxo. Mentres, a parte central da peza, coincidente coa portal do local comercial intervindo, alude, en diálogo coas pombas que sobrevoan ás tres mulleres, ás usuarias do Hospital Psiquiátrico.



Continuando pola rúa Sánchez Freire, un pouco máis adiante, no muro que fai esquina con Uxío Novoneyra, a artista **Tamara Baz** combinou pintura plástica e aerosol para realizar unha composición que recrea un episodio histórico de gran importancia no barrio, o Banquete do Conxo, a través dunha reinterpretación do brinde, realizado por unha muller que, erguendo a cunca de viño, berra pola igualdade. Como continuación da escena, na parede orientada á rúa principal, a creadora guardesa incorporou, ademais, obxectos vinculados ás protagonistas deste acontecemento e, de xeito sutil, á mercería (Sumián) que rexenta a propietaria que cedeu o muro.



Pola súa banda, a artista picheleira **Festa** mudou o rostro da rúa Conxo de Arriba á altura do nº 51 cunha obra tamén elaborada con técnica mixta na que, a través da representación de parte da arquitectura do Hospital Psiquiátrico de Conxo e dunha personaxe deliberadamente anónima anima a reflexionar sobre a importancia da institución sanitaria na vida do barrio e nas relacións sociais que se producen no seu interior.



Finalmente, os **obradoiros** desenvolvéronse nas escaleiras que conectan as rúas García Prieto e Manuel Beiras. As pezas, complementarias entre si e deseñadas conceptual e esteticamente de forma colaborativa co alumnado do programa, centran a súa mensaxe na reivindicación das redes de coidados e a vida en comunidade fronte á clasificación, illamento e patoloxización ás que son sometidas as persoas que non encaixan na norma polos discursos e prácticas dominantes.

Dita temática, consensuada nas sesións de traballo do bloque “Crear”, deixou patente a utilidade das técnicas propia da arte urbana para a concienciación e normalización dos obxectivos da consecución da xustiza en todos os planos da vida social e permitiu, ademais,

que unha integrante de Orgullo Tolo, implicada nas reunións de contextualización co alumnado, se sumara á execución do mural e fixera tamén parte activa do programa como artista.



Ademais das intervencións artísticas, que malia a climatoloxía adversa, se desenvolveron desde primeira hora e até o final do día, o sábado 16 tamén se realizaron as dúas actuacións musicais programadas. Ás 13h, o CSC Aurelio Aguirre de Conxo acolleu o

concerto da música vilagarciá **Catuxa Salom**, quen ofreceu ás preto de 40 persoas asistentes un repertorio caracterizado pola fusión de ritmos tribais latinoamericanos e galegos.



Finalmente, co fin de animar á veciñanza a visitar ás diferentes creadoras o proceso de realización dos murais, o colectivo **Som do Lilá** percorreu Conxo nun pasarrúas que espertou grande interese. O percorrido, que comezou fronte ao mural de Medianeras na rúa Manuel Beiras e finalizou xunto ao de Festa, atraeu a numeroso público, que tanto desde a rúa como, en moitas ocasións, desde as fiestras dos edificios, agradeceu con aplausos o animado ritmo da batucada.



CONCLUSIÓNS

Tanto desde o punto de vista dos obxectivos enunciados coma desde a perspectiva do interese xerado entre a cidadanía, consideramos que a execución da edición 2021 do programa *Elas tamén Pintan* cumpriu coas expectativas desde as que foi formulada.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que o desenvolvemento do programa, concibido desde unha dimensión colectiva, permitiu afondar en dous aspectos chave nos seus propósitos fundacionais: por unha banda, a análise, con perspectiva de xénero, das distintas eivas e condicionantes que definen o estado da arte urbana no noso país e noutras latitudes, e, pola outra, a creación de espazos seguros desde os que sementar referentes e compartir experiencias orientadas a transformar artisticamente e desde unha dimensión contextual e igualitaria a cidade a través da participación activa da veciñanza dos barrios de Compostela.

Nese senso, resulta especialmente satisfactoria a pegada do programa nas dinámicas dos espazos nos que se desenvolveron. No relativo á democratización no acceso ao coñecemento e práctica da arte urbana é importante ter en conta que as innovacións introducidas na programación co fin de diversificar a oferta e ampliar o número e perfil de persoas implicadas supuxo unha aposta exitosa. Ademais de completarse as prazas do

bloque “Coñecer” no momento de iniciarse as actividades, a veciñanza respondeu moi positivamente tanto nos roteiros urbanos realizados como nas actuacións musicais desenvoltas na xornada de peche.

Mentres no referente ao seu impacto como estímulo para a revitalización do sentimento de pertenza á comunidade, cabe sinalar que os diálogos creativos construídos entre as intervencións artísticas e a realidade sociohistórica na que estas se insiren non só supuxeron unha mellora estética importante en espazos urbanos degradados senón que tamén permitiron deixar nas rúas de Conxo pezas que recrean historias e experiencias, conflitos e necesidades das persoas e lugares do barrio. Ademais, no caso dos dous murais realizados no marco dos obradoiros participativos, a arte urbana converteuse nunha aliada no camiño cara a utilización do espazo público como soporte na loita pola normalización da diversidade sexual, de xénero e das persoas psiquiatrizadas e na visibilización dos seus dereitos.

Por iso, ademais de considerar satisfeitas as expectativas investidas no evento, cremos beneficiosa a súa posible continuidade na programación cultural municipal de cara á consolidación deste eido cultural no noso país desde a profesionalización e a igualdade de oportunidades. Un ámbito en constante expansión con elevados índices de discriminación como este precisa de espazos de diálogo e creación que permitan compartir recursos formativos, facilitar o intercambio de coñecemento e desenvolver alianzas na loita contra os estereotipos de xénero e a invisibilización do traballo das mulleres artistas.

Finalmente, cómpre sinalar tamén que o programa logrou executarse, en boa medida, grazas ao traballo colaborativo e en rede con diferentes axentes do tecido comercial e veciñal da cidade. Así, foi fundamental a colaboración do CSC Aurelio Aguirre de Conxo e das diferentes asociacións veciñais e socioculturais do barrio na dinamización das actividades, do mesmo xeito que a implicación dos colectivos LGTBIQ+ e do eido da saúde mental xa mencionados para a contextualización temática das accións artísticas. Esta cooperación tivo, ademais, a súa réplica no plano da execución técnica, no que contamos co patrocinio de Pinturas PROA, e coa colaboración de numerosas entidades de diferentes sectores que prestaron os seus servizos para a realización das diferentes dimensións implicadas na proposta (aloxamento, produción artística, produción técnica...).